



BOP

LUNS, 16 DE OUTUBRO DE 2023

N.º237

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 9/10/2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interponer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/12/2023. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigadoo pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordó co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordó co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de outubro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3190

CASTROVERDE

Anuncio

Que mediante Resolución de Alcaldía de data 03 de Outubro de 2023, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2023:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (3º trimestre do ano 2023).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 18 de Outubro de 2023 ata o 18 de Decembro de 2023. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 9 de Outubro de 2023.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3191

CERVO

Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 7 de setembro de 2023, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 18/2023, vía crédito extraordinario núm. 2/2023, dentro do vixente Presuposto Municipal, que é o prorrogado de 2022, por non presentarse reclamacións contra o mesmo, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap.Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación provisiones	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.667.977,29	0,00	2.667.977,29
2	Impostos indirectos	44.530,73	0,00	44.530,73
3	Taxas e outros ingresos	3.150.220,40	0,00	3.150.220,40
4	Transferencias corrientes	2.375.979,69	0,00	2.375.979,69
5	Ingresos patrimoniais	5.597,83	0,00	5.597,83
6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	1.547.944,68	0,00	1.547.944,68
8	Activos financeiros	1.334.641,56	415.957,30	1.750.598,86
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	11.126.892,18	415.957,30	11.542.849,48

Cap.Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación previsiones	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	3.839.380,44	0,00	3.839.380,44
2	Gastos benscrtes e servizos	2.688.784,64	0,00	2.688.784,64
3	Gastos financeiros	17.999,97	0,00	17.999,97
4	Transferencias corrientes	375.750,00	0,00	375.750,00
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00
6	Investimentos reais	2.615.500,92	415.957,30	3.031.458,22
7	Transferencias capital	27.371,93	0,00	27.371,93
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	577.277,01	0,00	577.277,01
	TOTAL	10.142.064,91	415.957,30	10.558.022,21

Cervo, 9 de outubro de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3192

FOZ

Anuncio

Mediante Decreto de alcaldía 2023-0882 do 02/10/2023 aprobase as bases, anexos e convocatoria para a selección **dun/ha Auxiliar de Servizos Múltiples-Bedel Colexio, para a cobertura laboral temporal en réxime de interinidade por substitución de traballador** e a creación dunha lista de agarda. Quen desexe formar parte no proceso selectivo deberá presentar solicitude no modelo oficial a disposición das persoas interesadas nas dependencias administrativas do Concello de Foz, na páxina web do Concello de Foz (www.concellodefoz.gal), dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Foz, ou a través dos restantes medios admitidos legalmente. O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao desta publicación no BOP de Lugo. A resolución completa coas bases da convocatoria pódese consultar na sede electrónica do Concello de Foz e no taboleiro de anuncios.

Foz,4 de outubro de 2023.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3193

SARRIA

Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das FacendasLocaisao que se remite o artigo 177.2 da mesmalei, e no art. 20.l en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeralcoñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 31 de agosto de 2023 de aprobación dos expedientes de modificación de crédito de crédito extraordinario CE 3/2023, CE 4/2023, CE 5/2023 e suplemento de crédito SC 4/2023, SC 5/2023 do Concello de Sarria, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de ditos expedientes, o resumo por capítulos dos orzamentos prorrogados para 2023, da seguinte forma:

Concello

Estado de Ingresos

Cap. 1	Impostos directos	3.985.082,02 €
Cap. 2	Impostos indirectos	135.000,00 €
Cap. 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.369.500,00 €
Cap. 4	Transferencias correntes	5.184.623,42 €
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	400,00 €
Cap. 7	Transferencias de capital	958.867,68 €

Cap. 8	Activos financeiros	8.660.377,63 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	991.900,66 €
	TOTAL	22.285.751,41 €

Estado de Gastos

Cap. 1	Gastos de persoal	5.688.433,18 €
Cap. 2	Gastos en benscorrentes e servizos	7.702.647,15 €
Cap. 3	Gastos financeiros	80.000,00 €
Cap. 4	Transferencias correntes	548.960,30 €
Cap. 6	Investimentos reais	7.385.502,74 €
Cap. 7	Transferencias de capital	46.762,02 €
Cap. 8	Activos financeiros	9.000,00 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	55.105,60 €
	TOTAL	21.516.410,99 €

Sarria, 9 de outubro de 2023.- O ALCALDE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3194

O SAVIÑO

Anuncio

Exposición pública do padrón de suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de taxa de recollida de LIXO (urbán), TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) e SUMIDOIRO correspondentes ao 5 bimestre do exercicio 2022, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 06 de outubro do 2023.

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 2 de outubro e o 20 de decembro de 2023, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina que os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, a falta do seu pagamento no período voluntario sinaladosuporá a esixencia do mesmo directamente aocontribuíntepola vía de constrinximentopolaconsellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da augapoderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazodun mes dende esta notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Saviño. 6 de outubro 2023, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3195

XOVE

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía n.º 2023-1185 de data 05 de Outubro de 2023, prestouse aprobación inicial ó padrón da Taxa por entrada de vehículos a través de aceras e reservas de vía pública (VADOS) para estacionamento

exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase correspondente ó exercicio 2023.

O meritado padrón queda exposto ó público na Secretaría deste Concello durante 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo as persoas interesadas poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen pertinentes. Así mesmo, por acordo da Alcaldía fíxase como prazo de ingreso en período voluntario, o comprendido entre os días 1 de Novembro e 31 de Decembro de 2023, nas entidades financeiras colaboradoras.

Ó propio tempo ponse en coñecemento dos contribuíntes comprendidos no aludido padrón que transcorrido o prazo anteriormente sinalado as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio, devengándose os xuros sinalados no artigo 28 da Lei Xeral Tributaria, xuros de mora e, no seu caso, as costas do procedemento de constrinximento.

Este edicto ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da antedita Lei.

Xove, 6 de outubro de 2023.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3196

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - RIBADEO

Anuncio

SUBVENCIONS CONCORRENCIA DEPORTES 2023

BDNS (Identif.): 720432

De acordocodisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/720432>)

APERTURA DE PRAZO DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO CONCELLO DE RIBADEO EN MATERIA DE DEPORTES

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 29/09/2023, as bases reguladoras da convocatoria pública de Subvencións Municipais do Concello de Ribadeo para o exercicio 2023 referente a AREA DE DEPORTES, faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, co seguinte teor:

Finalidade e obxecto.- A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os interesados realicen as seguintes actividades: deportivas, e con carácter xeral, todas aquelas actividades de intereses para os veciños do concello que representen una mellora da calidade de vida dos mesmos ou da cohesión social das áreas citadas.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida 2023. 341.489.01 "Deportes". Transferencias Correntes" por un importe máximo de 7900,00.

Destinatarios.- Poderán solicitar estas subvencións: as entidades e asociación sen finalidade de lucro, domiciliadas en Ribadeo legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións; as persoas físicas ou colectivos para iniciativas temporais de interese cidadán, sen ánimo de lucro, sempre que, en ambos casos, non teñan recoñecida subvención nominativa nos orzamentos municipais.

Excepcionalmente cando a actividade teña interese para o municipio, xa sexa de carácter social, económico ou humanitario, poderase conceder unha subvención a entidades foráneas, ou non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. A fundamentación de dito interese se acreditará mediante a achega dunha memoria o efecto

Procedemento e Prazo.- O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte á publicación das presentes bases ou o su extracto nos diarios oficias correspondentes (BOP de Lugo e/ou DOG). Tomarase como data para inicio do prazo a da última publicación que se realice. O procedemento de concesión seguirase conforme ao artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia, con carácter abreviado, podendo presentarse conxuntamente a solicitude e a xustificación, de ser o caso.

Documentación a presentar.- A que figura na base 8ª das bases aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web www.ribadeo.gal e nas oficinas municipais.

Xustificación.- O prazo de xustificación rematará, o 31 de xaneiro de 2024, debendo presentar a documentación a que se refire o artigo 11 das bases.

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web www.ribadeo.gal

Ribadeo, 9 de outubro de 2023.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3197

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2023-1173 DO 4 DE OUTUBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE PARA O CURSO 2023-2024

BDNS (Identif.): 719970

De acordó co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/719970>)

Primeiro. Beneficiarios.

As persoas interesadas na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove, salvo no caso de independencia da persoa solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Segundo. Obxecto

As bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados do material e pago das taxas ou prezos de quen se atope realizando estudos, coas dotacións máximas e demais condicionantes que se fixan nas bases posteriores.

Para os efectos das presentes Bases, enténdese por Bolsa ou Axuda ao estudo "toda cantidade ou beneficio que o Concello de Xove conceda a quen desexe realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases e para os cursos académicos a que se refiran as respectivas convocatorias"

As modalidades de bolsas e axudas ao estudo son as seguintes:

MODALIDADE 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario.

MODALIDADE 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela.

MODALIDADE 3.- Axudas para alumnos con discapacidade física ou psíquica que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación.

MODALIDADE 4.- Axudas para compra de material escolar.

MODALIDADE 5.- Axudas para estudos de doutoramento.

MODALIDADE 6.- Axudas para máster

Terceiro. Bases reguladoras

Poden consultarse as Bases Reguladoras da presente convocatoria na seguinte dirección: <https://xove.sedelectronica.gal/transparency/b798c099-335e-4ae5-b6f2-5609fdf60c21/>

Cuarto. Contía

O Concello de Xove aboará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda percápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

1.-Modalidade 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario, dotadas con 1.200,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €

2.-Modalidade 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela, dotadas con 600,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €

3.-Modalidade 3.- Axudas para alumnos con discapacidade física ou psíquica que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación, dotadas con 750,00 € cada unha

4.-Modalidade 4.- Axudas para compra de material escolar, coa seguinte dotación:

- a.- Preescolar: 65,00 €
- b.- Primaria e ESO: 60,00 €
- c.- Bacharelato: 125,00 €
- d.- Ciclos formativos: 125,00 €
- 5.- Modalidade 5.- Axudas para doutoramento, dotada con 1.200,00 €.
- 6.- Modalidade 6.- Axudas para master, dotada con 500,00 €.

Quinto. Requisitos dos solicitantes

Os interesados na concesión dunha bolsa ou axuda ao estudo deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectivo do núcleo familiar no Concello de Xove e, en caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, requirirase o empadramento e residencia efectivo persoal.

Ademais, no caso das axudas da Modalidade 1 de bolsas e axudas ao estudo universitario, é condición indispensable non ter máis de dúas materias suspensas de cursos anteriores, a condición de que o alumno estea matriculado dun curso completo ou dun número de materias non inferior a cinco. E así proporcionalmente ao número de materias.

Así mesmo, para o gozar do total da axuda da modalidade 6 de máster deberá acreditarse documentalmente un gasto superior á cantidade para conceder, entendéndose como gastos a xustificar os derivados da matrícula, gastos de estancia, gastos de desprazamentos, gastos de alimentación e/ou gastos de material, e no caso de non xustificar o total da axuda, esta se prorrateará.

Os gastos deberán ser xustificados con facturas, taxas de matrícula, contratos (estancia) ou calquera outro gasto que acredite fidedignamente a realización do gasto sen admitirse simples recibos nin declaracións.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Os interesados en acceder ás bolsas e axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello e acompañar a documentación sinalada na Cláusula Oitava.

As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados e poderán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Xove así como nas dependencias de Servizos Sociais do Concello e dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir da data de publicación pola Base de datos Nacional de Subvencións do Extracto da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sen que en ningún caso a duración da devandita prórroga poida exceder de 10 días.

Así mesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordó co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

XOVE, 5 DE OUTUBRO DE 2023.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3198